



PENA, Xosé Ramón (2019): *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A “longa noite”*. Vigo: Xerais, 544 pp.

Xosé Ramón Pena é autor amplamente recoñecido dentro do ámbito académico-cultural, pois conta cun significativo número de obras tanto literarias como de carácter divulgativo. Neste sentido, leva décadas dedicándose á investigación dentro do ámbito da literatura galega, especialmente en dous eixos fundamentais: por un lado, a etapa medieval, tal e como demostran diversas obras como *Literatura galega medieval* (1992) ou a súa *Historia da literatura medieval galego-portuguesa* (2002), entre outras; e, por outro, a poesía de Ramón Cabanillas, de quen fixo diversas edicións críticas, tanto de *Na noite estrelecida* (1988), *Da terra asoballada* (1989) e *No desterro* (2010), así como unha edición da obra completa do poeta cambadés titulada *Ramón Cabanillas. Poesía galega completa* e realizada xunto con X. M^a Dobarro en 2009.

Así e todo, ardua empresa comezaríaa sen dúbida no ano 2013 co inicio do que está sendo unha longa traxectoria para expornos de maneira actualizada e contrastada a historia da literatura galega. Así é que neste ano 2019, Xosé Ramón Pena finalizaría o seu cuarto volume, un relato dedicado a aquel período do século XX que Celso Emilio Ferreiro describira nos seus versos como a “longa noite de pedra” e que o investigador betanceiro aproveitou para dar nome ao presente volume.

Tal e como podemos atopar nos traballos anteriores, este texto conta coa mesma metodoloxía de traballo xa empregada, aquela que permite dotar o discurso de rigor e obxectividade, pois nel predomina o contraste con diversas e innumerables fontes bibliográficas. Por tanto, *A Historia da Literatura Galega IV* é, así como as “Historias” anteriores, unha obra científica imprescindible, que completa o estudo da nosa historia literaria. Ademais, Xosé Ramón Pena responde debidamente ao título do libro, pois non só cumpre coa descrición

das tendencias e autores máis relevantes de cada momento, senón que o investigador repara moi detalladamente noutros parámetros como son o contexto histórico, político, cultural e sociolingüístico, imprescindibles para entendermos a realidade na que se envolve o labor literario en cada momento.

Tras a debida contextualización, a cal lle dedica a primeira parte da súa análise, o Xosé Ramón Pena describirá pois a literatura galega de posguerra (a partir de 1936 ata 1975), organizando o fenómeno a partir dos tres grandes xéneros literarios: a lírica, a prosa e o teatro, o que certamente foi un acerto organizativo tanto para o propio Pena como para o público lector.

Non obstante, cabe mencionarmos que a pesar desta boa disposición dos contidos, como lectora considero que a obra non semella estar deseñada para lela de maneira totalmente fragmentada, por partes independentes, pois as numerosas referencias a fragmentos anteriores do texto poderían dificultar a lectura, polo que sería recomendable seguila de maneira lineal, é dicir, capítulo por capítulo. Así mesmo, desde a miña perspectiva coído que o uso excesivo da subordinación tamén dificulta a lectura, pois densifica e enrarece a comprensión lectora, dirixindo a obra á súa vez para un público específico.

Do punto de vista temático, e se ben é certo que a obra trata os autores e momentos clave desta etapa desde unha panorámica contrastiva, na que se tratan sen prexuízos os puntos máis conflitivos de cada un deles, dotando o ámbito científico literario galego de maior obxectividade e actualidade, novamente como lectora boto en falta, xa que logo, maior novidade dos propios contidos. Refírome, neste sentido, á posibilidade de incorporar autores da escrita galega menos coñecidos ou a unha maior presenza de voces femininas. Non obstante, podó

albiscar que se o investigador Xosé Ramón Pena non deu cabida a esta opción sería, sen dúbida, polas propias dificultades da labor científica: apreixar, poñerlle marcos ao mar.

En síntese, gustárame facer fincapé na importancia desta monumental obra dentro dos estudos literarios galegos, pois certamente o rigor científico e a substancial documentación na que se basea, así como a súa visión panorámica e incluso interdisciplinar, provoca que poidamos falar da *Historia da Literatura galega IV* como unha contribución sobradamente

necesaria, pois ela axuda a completar e a renovar o noso ámbito literario. Ao mesmo tempo, tal e como está escrita, considero que a obra está destinada a un público específico, iniciado no campo, mais que non deixa de ser unha obra de referencia que calquera persoa cun mínimo de atención pode consultar coa tranquilidade de saber que está diante dunha obra de referencia e dun investigador de rigor.

Paula Cousillas Pena
Universidad Complutense de Madrid
paulacou@ucm.es